



**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CPI O FEAL
CURSO: ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

INDICE:

Temporalización e toma de decisións /Enmarque legislativo.

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

Temporalización e toma de decisións:

O equipo de educación infantil formado polos seguintes integrantes:

- *Paula Neira Somoza: Titora aula de 5 anos e Xefa de Estudos de Primaria*
- *Vanesa Espiño Fuentes: Titora aula de 4 anos*
- *Julia Vázquez-Gundín Paz: Titora aula de 3 anos*
- *Irene Casanova Veiga e Clara Álvarez González: Titoras aula mixta de 3/4/5 anos de Freixeiro*
- *Sandra Míguez Fabal : Mestra de apoio e coordinadora de Ciclo.*
- *Montse Fernández Carballeira: Mestra de Inglés.*

Reunidos/as telemáticamente o día 06/05/2020 para a toma de decisións sobre as posibles modificacións e adecuacións da Programación escolar 2019/20 na etapa de Infantil, tendo en conta, así mesmo as Instrucións dictaminadas o 27 de abril de 2020, pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do actual curso, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, debido á situación de estado de alarma promulgado no REAL DECRETO 463/2020, para a xestión da situación de crisis sanitaria orixinada polo COVID-19.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Seguindo a normativa vixente no que se refire á avaliación na Educación Infantil, esta *non* se realiza en base a estándares de aprendizaxe, senón que está baseada no grao de consecución dos criterios de avaliación recollidos no **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación infantil en Galicia, tal e como se recolle no Punto 2 do 8º artigo do citado decreto:

“A avaliación nesta etapa debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.”

Así, tendo en conta os mínimos esixibles establecidos na Programación de ciclo, os criterios de avaliación a ter en conta para a promoción do alumnado son os que se presentan na seguinte táboa:

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
❖ Realizar, autonomamente e con iniciativa, actividades habituais e para satisfacer necesidades básicas. Autonomía e iniciativa persoal , Aprender a aprender .	
❖ Manifestar progresivamente hábitos de organización, de atención, de iniciativa e de esforzo. Autonomía e iniciativa persoal .	
❖ Identificar e coñecer grupos sociais moi próximos: a familia, o colexio, a rúa. Coñecemento e interacción co mundo físico , Social e cidadá .	
❖ Amosar habilidades sociais e resolver conflitos. Comunicación lingüística , Social e cidadá , Aprender a aprender .	

2.- Avaliación e cualificación

Procedementos:

Partimos da premisa que a principal ferramenta de avaliación da educación infantil é a observación directa e sistemática tal e como se recolle na Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil en Galicia, e non en tanto, dada a situación excepcional que estamos a vivir, non se pode realizar unha ensinanza telemática polo que as principais ferramentas e procedementos a usar será a análise da implicación das nenas e dos nenos nas súas aprendizaxes e as entrevistas telefónicas coas familias.

Instrumentos:

Como instrumentos de avaliación temos os cuestionarios e informes realizados por cada titor/titora, nos que recolle e fai unha análise reflexiva da información aportada polas familias através de diferentes canles de comunicación.

Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:

No caso do alumnado que remata curso (4º e 5º de E.I.) deciduse en reunión telemática de ciclo modificar os ítems de avaliación recollidos en Xade, tendo en conta tan só aqueles que se avaliaron na 1ª e 2ª avaliación respectivamente. Éstos ítems determinarán a avaliación do 3º trimestre para sendos niveis.

No caso do alumnado que remata ciclo (6º de E.I.), teranse en conta os contidos anteriormente citados, e así como a consecución dos seguintes mínimos esixibles:

Cualificación final

- Mostrar unha adaptación axeitada e coñecemento dos espazos do centro e da aula, os horarios e as rutinas.
- Manter unha relación afectiva e comunicativa axeitada co alumnado e o profesorado do ciclo.
- Acadar un nivel de autonomía e desenvolvemento persoal que lle permita participar no desenvolvemento das actividades da aula independentemente do nivel acadado nas producións e na adquisición de coñecementos.
- Participar espontaneamente nos xogos e actividades da aula e do centro amosando destrezas motoras e habilidades sociais e de relación cos demais.

3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">- A nivel de ciclo propóñense actividades globalizadoras dirixidas aos 3 niveis, tódolos martes e xoves na páxina web www.edu.xunta.es/centros/cpifeal e están relacionadas cas tres áreas de aprendizaxe do currículo de infantil (Decreto 330/2009 do 4 de xuño):- Experimentos, APPS educativas, ioga, circuitos, receitas de cociña, manualidades, realización de plastilina e pinturas caseiras, contos e actividades sobre o mesmo, arte, retos e propostas para os nenos/as e as familias, xogos ...- A nivel individual, cada mestra proporciona ás familias actividades de reforzo e ampliación relacionadas coa lectoescritura e a lóxicamatemática e/ou outros contidos e asesoramento didáctico.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none">- Proposta de actividades baseadas no xogo e na observación, experimentación e manipulación, cun enfoque globalizado.- Realización de actividades de xeito individual.- Fomento da comunicación familia-escola.- Proposta de diferentes alternativas segundo os recursos e situación de cada familia.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">- Materiais de refugallo, material funxible e non funxible do que as familias dispoñan na casa.- Symbaloo de música.- Listaxe de apps e páxinas web.- Fichas de elaboración propia.- Recursos da rede

4.- Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>O profesorado de infantil empregou e emprega os seguintes procedementos de comunicación coas familias:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Abalar móbil▪ Páxina web: www.edu.xunta.es/centros/cpifeal▪ Correo electrónico▪ Vía telefónica
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro. www.edu.xunta.es/centros/cpifeal</p>